



SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE CEBA

CONDICIÓN ESPECIAIS

De conformidade co Plan anual de seguros, aprobado polo Consello de Ministros, garántense os bens asegurables, con base nestas condicións especiais, complementarias das xerais de seguros pecuarios, das que este documento é parte integrante.

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen salientadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR

Ref. do seguro colectivo -

ou ref. seguro individual

CIF OU NIF

..... de de

O tomador do seguro ou o asegurado
SINATURA E SELO

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Capítulo I: DEFINICIÓNS.....	3
Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO	6
1ª – GARANTÍAS	6
2ª – RISCOS CUBERTOS.....	6
3ª – LIMITACIÓNS E EXCLUSIÓNS	8
4ª – PERÍODO DE GARANTÍAS	10
5ª – ELECCIÓN DE GARANTÍAS	10
Capítulo III: BENS ASEGURABLES	12
6ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN	12
7ª – TITULAR DO SEGURO	12
8ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES	12
9ª – ANIMAIS ASEGURADOS.....	15
10ª – CLASE DE EXPLOTACIÓN.....	15
Capítulo IV: CONDICIÓN DE ASEGURAMENTO.....	16
11ª – PERÍODO DE SUBSCRICIÓN	16
12ª – VALOR UNITARIO	16
13ª – NÚMERO DE ANIMAIS	16
14ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS	17
15ª – CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DE MANEXO	20
16ª – PAGAMENTO DA PRIMA	21
17ª – ENTRADA EN VIGOR	22
18ª – PERÍODO DE CARENCIA	23
19ª – CAPITAL ASEGURADO, CAPITAL GARANTIDO E COBERTURA.....	24
20ª – OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO.....	27
Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN	29
21ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS	29
22ª – INSPECCIÓN DOS DANOS	30
23ª – VALORACIÓN DE DANOS	30
24ª – SINISTRO INDEMNIZABLE.....	32
25ª – FRANQUÍA	33
26ª – CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN.....	33
27ª – CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN	34
28ª – ELECCIÓN DE EMPRESA XESTORA	35
29ª – CONDICIÓN PARTICULARES.....	35
Capítulo VI: ANEXOS.....	36
ANEXO I: RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓN DE GARANTÍAS.....	36
ANEXO II: VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN	38
ANEXO II: COMPENSACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA.....	40
ANEXO IV	42

Capítulo I: DEFINICIÓN

Para os efectos do seguro establécense as seguintes definicións:

APTITUDE: orientación produtiva das razas de animais que, polas súas características morfolóxicas, as especializa nunha determinada produción, láctea ou cárnica.

AUTORIDADE COMPETENTE: servizos estatais ou autonómicos responsables de temas sanitarios e alimentarios.

CUALIFICACIÓN DE SANEAMENTO: clasificación das explotacións segundo os resultados das probas de tuberculose e brucelose, no cumprimento dos programas nacionais de erradicación, vixilancia ou control de enfermidades animais.

CENSO ASEGURABLE: número de animais que cumpren os requisitos establecidos para ser asegurables.

CENSO DECLARADO: número de animais incluídos, polo asegurado, na declaración do seguro.

CENSO REXISTRADO: número de animais inscritos no Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

CÓDIGO REGA: serie alfanumérica de 14 díxitos asignada a cada explotación que identifica de forma exclusiva a cada explotación no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA).

CONDICIÓN DE PREZOS PARTICULARES: documento que regula o pacto expreso de prezos entre o asegurado e a xestora, para a recollida e destrución dos animais mortos das explotacións aseguradas.

CONFORMACIÓN: características morfolóxicas dos animais pertencentes a unha raza ou cruzamento de razas, relativas á capacidade corporal e volume muscular. Acorde coa conformación distínguense determinadas razas de aptitude cárnica como de excelente conformación e resto de razas cárnicas.

PERÍODO DE GARANTÍAS: período de tempo no que a explotación está amparada polas garantías da póliza.

IDADE: número de semanas de vida dos animais.

ENESA: Entidade Estatal de Seguros Agrarios; forma parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

EXPLOTACIÓN: conxunto de bens organizados empresarialmente por un ou varios titulares para a engorda de animais vacúns, e que comparten o uso de medios de produción, xa sexan inmoables, man de obra, ferramentas, maquinaria ou subministracións. Deben ter asignado o código do Rexistro de explotacións gandeiras (REGA).

FRANQUÍA: Parte do dano que queda a cargo do asegurado. Segundo a súa forma de aplicación, diferéncianse dous tipos:

- A) Franquía absoluta: aplícase restando da contía económica do dano o importe económico que supón a porcentaxe establecida sobre o capital asegurado.
- B) Franquía de danos: aplícase restando da contía económica do dano o importe que supón multiplicar a porcentaxe desta franquía sobre o valor do dano.

XESTORA: empresa autorizada para a retirada e destrución de animais mortos.

GRUPO DE RAZAS: distintas agrupacións de animais pertencentes á mesma especie arredor das súas características zootécnicas (morfoloxía, orientación produtiva, aptitude, conformación, pureza, etc.).

INFRASEGURO: situación na que o valor acreditado das explotacións incluídas na declaración é superior ao seu valor declarado.

MÍNIMO INDEMNIZABLE: dano mínimo producido por un risco cuberto e que debe superarse para poder ter dereito a indemnización.

RAZAS CÁRNICAS DE EXCELENTE CONFORMACIÓN: para os efectos do seguro considéranse como razas de excelente conformación as seguintes: aberdeen angus, asturiana dos vales, aubrac, branco azul belga, blonda de Aquitania, charolesa, gascoa, fleckvieh, hereford, limousín, pirenaica, rubia galega, salers, shorthorn e as mestizas que deriven dos cruzamentos exclusivos entre estas razas.

RESTO DE RAZAS DE APTITUDE CÁRNICA: o resto de razas de aptitude cárnica non citadas anteriormente e todos os cruzamentos non incluídos entre os anteriores, nos que polo menos un dos proxenitores sexa de aptitude cárnica. Exclúese a raza bovina de lida.

RAZAS DE APTITUDE LÁCTEA: todas as razas de aptitude láctea e os cruzamentos entre elas.

RAZA BOVINA DE LIDA: baixo esta conformación poderán asegurarse exclusivamente as femias da raza bovina de lida inscritas no rexistro de nacementos do libro xenealóxico desa raza que fosen desbotadas para a reprodución. A idade destes animais deberá estar comprendida entre 102 e 206 semanas.

REGRA DE EQUIDADE: redución da indemnización na mesma proporción na que está a prima satisfeita respecto da que se había de aplicar, de acordo co contrato de seguro.

REGRA PROPORCIONAL: redución da indemnización na mesma proporción na que está o valor declarado respecto ao valor acreditado da explotación, de acordo co contrato de seguro.

RESTRICIÓN DE MOVEMENTOS: limitación da saída de animais dunha explotación a unha área concreta o a outras explotacións, decretada pola Administración competente, para protexer a saúde pública ou animal.

SACRIFICIO NECESARIO: sacrificio na explotación de animais desafiuzados e sen aproveitamento en matadoiro, para evitar o seu sufrimento.

SACRIFICIO OBRIGATORIO: sacrificio de animais decretado pola Administración competente, co fin de protexer a saúde pública ou animal.

SOBRESEGURO: situación na que o valor acreditado das explotacións incluídas na declaración é inferior ao seu valor declarado.

SUBEXPLOTACIÓN: cada unha das segmentacións en que se divide a explotación.

TRATANTE OU OPERADOR COMERCIAL: calquera persoa física ou xurídica, dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de animais con fins comerciais inmediatos.

TOMA DE EFECTO DO SEGURO: momento no que se fan efectivas as garantías, unha vez producida a entrada en vigor e transcorrido o período de carencia.

VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN: valor do animal na data do sinistro, obtido de multiplicar o seu valor unitario declarado pola porcentaxe fixada pola orde ministerial, segundo as súas características e as garantías subscritas.

VALOR UNITARIO DECLARADO: valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que establece ENESA conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.

VALOR UNITARIO ACREDITADO: valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.

VALOR UNITARIO BASE: o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario acreditado.

VALOR DE RECUPERACIÓN: é o importe que debe deducirse por reutilización, rescate ou recuperación en carne do animal.

Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO

Asegúranse as explotacións de ceba da especie bovina.

1ª – GARANTÍAS

I. GARANTÍA BÁSICA

Cóbrese os danos ocasionados nos animais polos riscos que se describen en “Riscos cubertos” para esta garantía.

II. GARANTÍAS ADICIONAIS

1. MORTALIDADE POR OUTRAS CAUSAS (RESTO DE MORTES)
2. PERDA DA CUALIFICACIÓN POR SANEAMENTO
3. BROTE DE ENFERMIDADE
4. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

2ª – RISCOS CUBERTOS

I. GARANTÍA BÁSICA

Cóbrese a morte como consecuencia de:

- Incendio
- Inundación
- Raio
- Neve
- Esmagamento por derrubamento
- Intoxicación

Cando afecte polo menos catro animais.

Ademais compensa por:

1. A morte e os sacrificios obrigatorios decretados pola autoridade competente debidos á aparición de febre aftosa, oficialmente declarada, coa compensación por animal prevista no anexo III.
2. O tempo no que, durante o período de vixencia do seguro, permanezan os animais inmobilizados obrigatoriamente na explotación, ata un máximo de 17 semanas por todo o período. Será requisito indispensable que a inmobilización fose decretada pola autoridade competente, ben por estar na zona de vixilancia ou protección respecto dun foco de febre aftosa ou ben como medida cautelara ante a súa sospeita.

A indemnización consistirá na compensación económica por animal e semana completa de inmovilización prevista no anexo IV; os días que non completen unha semana contarán como unha semana máis.

II. GARANTÍAS ADICIONAIS

1. MORTALIDADE POR OUTRAS CAUSAS

Cobre a mortalidade de animais non cuberta na garantía básica.

2. PERDA DA CUALIFICACIÓN POR SANEAMENTO

Para os cebadeiros cualificados como T3 e B3 ou T3 e B4 compensa semanalmente pola perda da súa cualificación sanitaria, ata un máximo de 19 semanas.

3. BROTE DE ENFERMIDADE

Cóbrese o incremento da mortalidade dos animais da explotación, nun período de 8 semanas, que supoña cando menos 3,5 veces a mortalidade habitual da explotación. Deberá afectar cando menos o 2 % do censo de animais e superar un mínimo de 6 animais mortos por causas non cubertas na garantía básica.

4. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

Cóbrese, nos termos previstos neste condicionado, os gastos derivados da retirada, desde un lugar accesible para camións na entrada da explotación e ata o lugar de destrución, de todos os cadáveres de animais obxecto deste seguro mortos por calquera causa na explotación, incluíndo o custo da súa destrución.

Están cubertos:

- Os gastos derivados da recollida dos cadáveres de animais mortos na explotación por calquera causa e a súa destrución.
- Tamén están cubertos polas garantías do seguro os animais mortos fóra das explotacións aseguradas e nos seguintes supostos:
 - a) Durante o transporte cara aos matadoiros ou outros lugares de destino, e sempre antes da súa entrada nos currais ou zona de descarga de animais, baixo as seguintes condicións:
 - 1º) Débese comunicar o sinistro a Agroseguro ou á empresa xestora, de ser o caso, o mesmo día da descarga dos animais no matadoiro ou outro lugar de destino.
 - 2º) A retirada debe realizala, dentro das 24 horas seguintes á comunicación, a empresa xestora correspondente ao asegurado de entre as que operan dentro do sistema de seguros agrarios combinados, e non será válida ningunha outra que poida ter contrato privado co matadoiro.
 - 3º) A empresa xestora deberá poder pesar os cadáveres retirados e adxudicalos á póliza da explotación asegurada da que proceden os animais.

4º) O gandeiro deberá poder acreditar, se así lle for requirido por Agroseuro, o certificado oficial do movemento a matadoiro ou outro destino ou calquera outro documento oficialmente aprobado.

5º) Deberase cumprir a normativa en materia de protección dos animais durante o seu transporte.

- b) Estancia en certames ou mercados, sempre que os animais estean identificados individualmente e poidan imputarse á póliza do titular do seguro. Será a xestora autorizada na comunidade autónoma onde se produza a morte do animal a encargada de realizar a retirada. O asegurado poderá elixir libremente a empresa xestora naquelas comunidades autónomas que teñan máis dunha autorizada.
- Tamén están cubertos polas garantías do seguro os sacrificios de animais na explotación decretados pola Administración por motivos sanitarios.
 - Ademais, compensarase contra factura o gasto de material funxible, maquinaria e man de obra precisos para o enterramento *in situ* autorizado pola autoridade competente, por motivos zosanitarios, ata o límite da cantidade maior entre o 20 % do capital asegurado ou 600 euros por enterramento.
 - **Para a que se proceda ao pagamento da indemnización será condición imprescindible que as circunstancias da destrución dos cadáveres sexan convenientemente acreditadas pola empresa xestora.**

3ª – LIMITACIÓNS E EXCLUSIÓNS

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Quedan expresamente excluídos das garantías deste seguro:

- 1. Os sacrificios decretados pola Administración como consecuencia de probas diagnósticas iniciadas antes da toma de efecto do seguro.**
- 2. Os animais que cheguen aos matadoiros mortos ou sexan sometidos a un sacrificio de urxencia en matadoiro, e cuxo transporte a este incumpra a normativa en materia de protección dos animais durante o seu transporte. Estes feitos serán documentados polos servizos veterinarios oficiais do matadoiro.**

II. XERAIS PARA O RESTO DE GARANTÍAS

Ademais das previstas na condición cuarta das xerais, establécense as seguintes exclusións de cobertura:

- 1. A morte de animais por procesos que leven á súa desnutrición acusada, nos que a prescrición e o tratamento correspondente non estean debidamente cubertos, no tempo e na forma que procedan, no rexistro de tratamentos definido no artigo 8 do Real decreto 1749/1998.**
- 2. A morte de animais tarados, deficientemente desenvoltos para a súa idade e/ou con lesións de decúbito prolongado.**

3. A morte de animais de raza de lida de menos de 102 semanas e máis de 206 semanas, e a morte de animais de calquera outra raza, que non sexa de lida, de menos de 8 semanas e máis de 104 semanas.
4. A morte de animais que non fosen convenientemente desparasitados e vacinados de SRB (IBR, BVD, PI3 e BRSV), enterotoxemia e carbúnculo.
5. A comprobación do sinistro realizarase en todos os casos mediante un técnico desprazado para o efecto por Agroseguro para o exame do animal ou dos seus restos na explotación. Non será indemnizable ningún sinistro no que non se realizase esta comprobación. Exceptúanse os casos nos que exista un pacto expreso previo por escrito ante comunicacións de sinistro.

En ningún caso se admitirá a acreditación do sinistro por terceiros.

6. Non estarán garantidos os animais que non estean correctamente identificados e inscritos no libro de rexistro da explotación.
7. Non estará garantida a morte por calquera das enfermidades incluídas nas listas do código zosanitario internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE), excepto o carbúnculo, o SRB e a febre aftosa.

III. XERAIS POR GARANTÍAS

- AO RISCO DE FEBRE AFTOSA:

1. Non terán cobertura as consecuencias de probas sanitarias iniciadas con anterioridade á entrada en vigor do seguro.
2. A compensación por inmovilización cubrirá, como máximo, 17 semanas.
3. Ocorrido o sinistro, a autoridade competente, ao amparo da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, comunicará oficialmente ao asegurado, segundo proceda:
 - ✓ que a causa das mortes é debida a febre aftosa ou
 - ✓ que o sacrificio obrigatorio ou a inmovilización se ordenan por motivos cautelares ou preventivos relacionados con febre aftosa; no caso de inmovilización, a comunicación oficial especificará o día no que se inicia.

Para a declaración de sinistro será requisito necesario e suficiente que o asegurado traslade a Agroseguro a documentación oficial anteriormente referida.

4. Non se cubrirá o tempo de inmovilización se é inferior a 20 días completos.
5. Por motivos de bioseguridade, Agroseguro procurará que as actuacións periciais relacionadas con febre aftosa sexan de carácter documental ou informático, requirirá tanta información precise para a correcta resolución pericial e evitará, no posible, presentarse nas explotacións gandeiras afectadas.

- **EXCLUSIÓNS Á GARANTÍA ADICIONAL DE PERDA DE CLASIFICACIÓN SANITARIA:**

1. **Os resultados de probas realizadas antes da toma de efecto do seguro.**
2. **As explotacións sancionadas pola Administración por incumprimento sanitario referente ás enfermidades de saneamento.**

- **LIMITACIÓNS Á GARANTÍA ADICIONAL DE BROTE DE ENFERMIDADE:**

1. **A garantía extinguirase co primeiro episodio de brote comunicado e comprobado, polo que só se cubrirá un brote por libro de rexistro de explotación.**
2. **As coberturas desta garantía, unha vez extinguida, poderanse renovar unha soa vez, polo período restante ata o vencemento da póliza, co pagamento da prima correspondente, para o que se contratará de novo a garantía e se estará sometido ás mesmas carencias que as previstas para os casos de renovación.**

4ª – PERÍODO DE GARANTÍAS

As garantías inicianse coa toma de efecto, unha vez finalizado o período de carencia, e rematarán ás cero horas do día no que se faga un ano, contado desde a data de entrada en vigor do seguro e, en todo caso:

- Para a garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres:
 - o Coa baixa do animal no RIIA.
- Para a garantía básica e o resto de garantías adicionais:
 - o Coa venda, morte ou sacrificio non amparados.

As modificacións do capital asegurado vencerán o mesmo día no que se produza o vencemento da declaración de seguro inicial.

5ª – ELECCIÓN DE GARANTÍAS

O asegurado ao contratar a garantía básica poderá elixir o capital garantido para esta garantía, segundo a condición 19ª, e a contratación de garantías adicionais, tendo en conta as seguintes consideracións:

1. MORTALIDADE POR OUTRAS CAUSAS

Esta garantía adicional só se poderá contratar cando para a garantía básica se escolla o 100 % do capital garantido.

2. PERDA DA CUALIFICACIÓN POR SANEAMENTO

Esta garantía adicional poderase contratar con calquera capital garantido para a garantía básica.

3. BROTE DE ENFERMIDADE

Esta garantía adicional poderase contratar con calquera capital garantido na garantía básica, pero é incompatible coa garantía adicional de “Mortalidade por outras causas”.

4. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

Esta garantía adicional poderase contratar con calquera capital garantido para a garantía básica.

Non poderán elixir a garantía adicional de retirada e destrución os asegurados que teñan outras explotacións con gando vacún non asegurables nesta liña; poden asegurarse na liña específica de retirada e destrución (liña 415)

Capítulo III: BENS ASEGURABLES

6ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O ámbito de aplicación esténdese a todas as explotacións asegurables das comunidades autónomas de ANDALUCÍA, ASTURIAS, ARAGÓN, BALEARES (MENORCA), CANARIAS, CANTABRIA, CATALUÑA, CASTELA E LEÓN, CASTELA-A MANCHA, ESTREMADURA, GALICIA, MADRID, MURCIA, NAVARRA, A RIOXA e COMUNIDADE VALENCIANA.

Están excluídos os sinistros acontecidos fóra do ámbito de aplicación do seguro, agás no caso das estancias en certames ou mercados, e os garantidos en transporte ao matadoiro segundo a condición segunda.

II. RESTO DE GARANTÍAS

O ámbito de aplicación deste seguro esténdese a todas as explotacións asegurables nesta modalidade de seguro do territorio nacional.

7ª – TITULAR DO SEGURO

O titular do seguro será o titular da explotación ou da subexplotación que figure no seu código REGA. Igualmente, poderá ser titular da póliza toda aquela persoa, física ou xurídica, que tendo interese no ben asegurable figure nalgún apartado do devandito código REGA ou no Rexistro individual de identificación animal (RIIA). No caso de que a explotación estea formada polos códigos REGA de varios titulares, os asegurados serán todos e, mediante o documento correspondente, designarán de entre eles quen terá que representalos para os efectos do seguro, facendo que figure en primeiro lugar na declaración do seguro.

Non poderán subscribir o seguro os tratantes.

O asegurado ou asegurados deberán incluír todas as explotacións de ceba de vacún que posúan no territorio nacional nunha única declaración de seguro.

8ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES

Serán asegurables todas as explotacións de ceba de gando vacún que:

- Están rexistradas no REGA, polo que teñen asignado un código, que deberá figurar na declaración de seguro.
- Identifican individualmente as súas reses vacúas, rexístranas no libro de rexistro de explotación, que deben manter actualizado e dilixenciado.

Na póliza figurarán todos os códigos nacionais asignados polo REGA de todas as explotacións amparadas por esta póliza.

A comercialización poderase considerar un medio de produción.

O aseguramento realizarase por explotación, incluído o conxunto de animais que a compoñan, mesmo se pertencen a libros de distintos titulares, requisito sen o que o seguro carecerá de valor ou efecto ningún.

No caso de que a explotación estea formada polos libros de varios titulares, os asegurados serán todos e, mediante o documento correspondente, designarán de entre eles quen terá que representalos para os efectos do seguro, facendo que figure en primeiro lugar na declaración do seguro.

Considerarase domicilio da explotación o que figure no libro de rexistro de explotación.

As explotacións obxecto de aseguramento xestionadas por un mesmo gandeiro ou explotadas en común por entidades asociativas agrarias (sociedades agrarias de transformación, cooperativas, etc.), sociedades mercantís (sociedade anónima, limitada, etc.) e comunidades de bens deberán incluírse obrigatoriamente nunha única declaración de seguro.

Tipos de explotación:

Establécense diferentes tipos de explotación segundo o 90 % ou máis dos seus animais, cumbran ou non os seguintes requisitos:

1. Atendendo a duración do ciclo produtivo:

- a. De ciclo longo: os animais permanecen na explotación polo menos sete meses.
- b. De ciclo curto: os animais permanecen na explotación menos de sete meses.

2. Atendendo ao destino dos animais:

- a. Teñen como destino o matadoiro.
- b. Teñen como destino outros cebadeiros.

Xorden así catro tipos de explotación:

TIPO 1: De ciclo longo e destino matadoiro.

TIPO 2: De ciclo curto e destino matadoiro.

TIPO 3: De ciclo longo e destino outros cebadeiros.

TIPO 4: De ciclo curto e destino outros cebadeiros.

Para os efectos do seguro, para o cálculo da duración do ciclo en meses, contarase o número de meses e días. Os días que non completen un mes computarán como un mes máis.

A clasificación do tipo de explotación realizarase tendo en conta a permanencia dos animais e o destino nos tres últimos meses.

O cálculo da permanencia farase calculando a porcentaxe de animais que cumpren ou poidan chegar a cumprir o feito de estar na explotación polo menos 7 meses, mediante a seguinte fórmula:

$$100 \times \frac{\text{censo de referencia} - \text{núm. de animais que causaron baixa sen estar 7 meses}}{\text{censo de referencia}}$$

Onde o censo de referencia é o maior de entre o censo real e o censo declarado na póliza.

O destino determínase pola porcentaxe de animais que van ao matadoiro respecto dos animais vendidos: baixas por venda con destino a matadoiro x 100/baixas por venda.

Os asegurados declarararán o tipo que defina cada unha das súas explotacións e asegurarán todos os seus animais de cada explotación baixo un mesmo tipo.

GRUPOS DE RAZAS

As explotacións diferenciaranse segundo o grupo de raza predominante. O asegurado declarará o grupo de raza predominante que corresponda a cada unha das súas explotacións segundo os seguintes 4 grupos:

1.- Razas de aptitude cárnica de conformación excelente:

Aberdeen angus, asturiana dos vales, aubrac, branco azul belga, blonda de Aquitania, charolesa, gascoa, fleckvieh, hereford, limousín, pirenaica, rubia galega, salers, shorthorn e as mestizas que deriven dos cruzamentos exclusivos de entre estas razas.

2.- Resto de razas cárnicas:

O resto de razas de aptitude cárnica non citadas anteriormente e todos os cruzamentos non incluídos entre os anteriores, nos que polo menos un dos proxenitores sexa de aptitude cárnica. Exclúese a raza bovina de lida.

3.- Razas de aptitude láctea:

Todas as razas de aptitude láctea e os cruzamentos entre elas.

4. Raza bovina de lida: baixo esta conformación poderán asegurarse exclusivamente as femias da raza bovina de lida inscritas no rexistro de nacementos do libro xenealóxico desa raza que, desprezadas para a reprodución, se dediquen a ceba intensiva. A idade destes animais oscilará entre 102 e 206 semanas. Só poderán ser asegurados no “tipo de explotación 2”. Para asegurar estes animais será necesario posuír instalacións exclusivas e axeitadas para a ceba deste tipo de animais, así como un libro de rexistro de explotación exclusivo para eles.

9ª – ANIMAIS ASEGURADOS

Requisitos necesarios para que un animal estea asegurado:

- Estar identificado individualmente mediante o sistema de identificación e rexistro dos animais que establece o Real decreto 1980/1998, con marcas auriculares e, de ser o caso, co documento de identificación de bovinos.
- Constar nas bases de datos informatizadas do sistema de rexistros gandeiros (SITRAN) e estar inscrito no libro de rexistro de explotación, de acordo co establecido no Real decreto 1980/1998.

TIPOS DE ANIMAIS

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

En cada explotación considérase un só tipo de animal por réxime que inclúe todos os animais asegurables que pertencen ao réxime.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Para este seguro o tipo de animal asegurable é único: son asegurables todos os animais de ambos os dous sexos, **destinados exclusivamente á engorda intensiva para a súa comercialización.**

10ª – CLASE DE EXPLOTACIÓN

Para os efectos do establecido no artigo 4 do Regulamento para aplicación da Lei 87/1978 sobre seguros agrarios combinados, considéranse clase única todas as explotacións asegurables nesta liña de gando vacún.

O titular da explotación ou subexplotación que decida asegurar unha das súas explotacións queda obrigado a asegurar todas as da mesma clase que posúa no ámbito de aplicación deste seguro nunha única declaración de seguro.

Capítulo IV: CONDICIÓN DE ASEGURAMENTO

11ª – PERÍODO DE SUBSCRICIÓN

O tomador ou o asegurado deberá subscribir o seguro nos períodos establecidos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración que fose subscrita fóra destes prazos.

12ª – VALOR UNITARIO

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O valor unitario, para os efectos do cálculo do capital asegurado e o pagamento da prima, obterase de multiplicar o peso de subproduto de referencia en quilos establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para cada grupo de raza, tipo de animal (onde proceda), polo prezo en €/quilo que corresponda, segundo o comunicado polas comunidades autónomas e Agroseguro ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Este valor, **único para todos os animais da explotación**, será o que declare o asegurado dentro do máximo e o mínimo establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, **corresponderá ao grupo de raza que declarase o asegurado.**

Todas as explotacións da póliza terán que asegurarse á mesma porcentaxe respecto do valor unitario máximo para cada grupo de raza establecido por ENESA.

13ª – NÚMERO DE ANIMAIS

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Ao subscribir o seguro, o asegurado declarará o censo que comporá, durante o período de cobertura, cada unha das súas explotacións, tendo en conta o censo medio de animais que terá a explotación en calquera momento do período de garantías, que se calculará en virtude do censo rexistrado no RIIA os días 1 e 15 de cada mes. **En ningún caso o número declarado poderá ser inferior ao censo real no momento de contratación que apareza no RIIA.**

II. RESTO DE GARANTÍAS

NÚMERO DE ANIMAIS DA EXPLOTACIÓN:

Número de animais asegurables que o asegurado posúe en cada unha das súas explotacións.

NÚMERO DE ANIMAIS DECLARADOS POLO ASEGURADO:

Número de animais asegurables que o asegurado declara posuír en cada unha das súas explotacións.

Ao subscribir o seguro, o asegurado declarará, co mínimo do que nese momento posúe, o número de animais que terá a súa explotación en calquera momento do período de vixencia do seguro. En todo caso, **para o cálculo das indemnizacións que correspondan, aplicarase a corrección das eventuais situacións de infraseguro no xeito sinalado na condición especial 19ª.**

14ª – BONIFICACIÓN E RECARGAS

I. Garantía básica

Esta garantía non terá bonificación nin recarga.

II. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Aos asegurados que contraten esta garantía aplicaráselles unha bonificación ou unha recarga na prima, na contía e cos requisitos que se establecen a continuación.

O gandeiro ou a explotación que non contratara nos tres últimos plans o seguro de retirada e destrución accederá a este seguro sen bonificacións nin recargas.

A) GRUPO ASIGNADO A CADA ASEGURADO

A cada asegurado asignaráselle un grupo, baseándose na seguinte información de todos os seguros de retirada:

- Sumatorio das indemnizacións dos tres plans anteriores.
- Sumatorio da prima de risco recargada dos tres plans anteriores.
- Ratio dos sumatorios de indemnizacións a prima dos dous puntos anteriores.

Coefficiente de indemnización a prima de risco recargada (%)							
Ata 55	> 55 e ata 75	> 75 e ata 110	> 110 e ata 120	> 120 e ata 130	> 130 e ata 145	> 145 e ata 160	> 160
Bonif. 20	Bonif. 10	Neutro	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 40	Recar. 50

Non obstante, límitase para cada asegurado a un único cambio de estrato, que será superior ou inferior con respecto ao que tivera no anterior plan asegurado (*orientado no sentido da nova ratio calculada*).

Para todos estes efectos, os asegurados de bovino que tivesen no plan anterior unha medida do 25 % de recarga, considerarase como recarga do 20 %.

Para os asegurados que asegurasen unicamente un dos tres plans, a táboa que se aplica será:

Coeficiente de indemnización a prima de risco recargada (%)				
Ata 30	> 30 e ata 55	> 55 e ata 130	> 130 e ata 160	> 160
Bonif. 20	Bonif. 10	Neutro	Recar. 10	Recar. 20

Onde:

- Coeficiente de indemnización a prima de risco recargada (datos do seguro de retirada):
 - * Base de cálculo: información procedente dos tres últimos plans; se a última póliza contratada se corresponde co plan anterior ao que se vai contratar, para esa se terá en conta o período comprendido desde o inicio das garantías ata catro meses antes do vencemento destas.
 - * Para aqueles asegurados cun único ano de contratación, se este é o Plan anterior ao que se vai contratar, terase en conta o período dos 8 primeiros meses da póliza que vence.
 - * Indemnización: a suma de todas as indemnizacións aboadas no período indicado na base de cálculo e que estean aboadas na “data do estudo” da medida asignada aos asegurados.
 - * Prima de risco recargada: a prima de risco recargada neta de bonificacións e recargas da base de cálculo. Ao ter en conta as primas do plan 2015 e sucesivos, pola nova formulación establecida, a prima de risco recargada que se terá que considerar será neta de consorcio, ademais de neta de bonificacións e recargas. A prima correspondente ao último ano de contratación, se se corresponde co plan anterior ao que se vai contratar, dividirase entre 12 meses e multiplicarase por 8.
 - * O resultado de dividir a suma de indemnizacións pola suma de primas de risco recargada antes calculada, multiplicado por 100, determinará o coeficiente da táboa (entrada de columna na táboa). **O arredondamento desta división hase facer ao enteiro inmediatamente inferior ou superior segundo a parte decimal do resultado do cálculo sexa inferior a 0,01 ou igual ou superior a esta cantidade, respectivamente.**

III. RESTO DE GARANTÍAS

1. O gandeiro ou a explotación que non contratase nos tres últimos plans a liña 130 accederá a este seguro sen bonificacións nin recargas.
2. Para o gandeiro ou a explotación que contratase a liña 130 en só un dos tres plans anteriores, logo de polo menos tres plans sen contratar, a prima que se pagará para estas garantías será axustada conforme as bonificacións ou recargas que se especifican na táboa I.

3. Nos casos en que o gandeiro ou a súa explotación contratara a liña 130 polo menos unha vez nos últimos tres plans, tras contratar esa liña anteriormente sen unha interrupción entre elas superior a dous plans, e contrate esta liña 402, a prima que se pagará para estas garantías será axustada conforme as bonificacións ou recargas que se especifican na táboa II.

Táboa I

Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (%)							
Ata 25	26 ao 40	41 ao 55	56 ao 70	71 ao 85	86 ao 100	101 ao 125	> de 125
Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 50

Táboa II

Condición anterior	Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (%)							
	Ata 25	26 ao 40	41 ao 55	56 ao 70	71 ao 85	86 ao 100	101 ao 125	> de 125
Bonif. 50 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10
Bonif. 40 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO
Bonif. 30 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	NEUTRO
Bonif. 20 %	Bonif. 40	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20
Bonif. 10 %	Bonif. 30	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30
Neutro 0 %	Bonif. 20	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50
Recar. 10 %	Bonif. 10	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75
Recar. 20 %	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100
Recar. 30 %	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150
Recar. 50 %	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 75 %	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 100 %	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 150 %	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150

• Onde:

- Condición anterior: Bonificación ou recarga obtida tras a última contratación do seguro.
- Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (datos da serie deste seguro):
 - Base de cálculo: o período comprendido entre 4 meses antes do vencemento da última póliza contratada ata 4 meses antes do vencemento da póliza anterior á última contratada. Para os asegurados novos, a base de cálculo será o período comprendido desde a data de entrada en vigor do seguro ata 4 meses antes do vencemento da póliza.
 - Indemnización: a suma de todas as indemnizacións aboadas no período indicado na base de cálculo.

- Prima comercial neta: A prima comercial neta de bonificacións íntegra, incrementada coas recargas, se as houbese, do último seguro contratado. As modificacións de prima comercial neta fóra do período “base de cálculo” non se terán en conta.
- O resultado de dividir a suma de indemnizacións antes calculadas pola prima comercial neta, multiplicado por 100, determinará o coeficiente da táboa (entrada de columna na táboa). **O arredondamento desta división hase facer ao enteiro inmediatamente inferior ou superior segundo a parte decimal do resultado do cálculo sexa inferior a 0,01 ou igual ou superior a esta cantidade, respectivamente.**

No caso de que nunha explotación con varios titulares a última contratación se efectuase con distintas pólizas e a consecuencia diso deriven diferentes bonificacións ou recargas, estas unificaranse tendo en conta a totalidade das primas e mais as indemnizacións. Se as declaracións tivesen diferente data de vencemento, estas unificaranse e AGROSEGURO devolverá a parte non consumida da prima correspondente, de ser o caso, ás pólizas non vencidas.

Cando en explotacións de varios titulares algún deles non asegurase nunca e o total de animais para asegurar sexa superior en polo menos un 25 % dos animais que tiveron asegurados na situación final da última contratación, o resultado do cálculo obtido, se fose recargado, mellorarase, levándoo ao estrato inmediatamente inferior. Se fose neutro ou bonificado, non se modificará.

15ª – CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DE MANEXO

Serán as establecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ademais das esixibles en cumprimento do Real decreto 2611/1996 polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, así como as de protección dos animais do Real decreto 348/2000, e calquera outra norma sanitaria estatal ou autonómica en vigor que lles afecte ás enfermidades amparadas polo seguro.

No caso de deficiencia no cumprimento das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurador poderá reducir a indemnización en proporción á importancia dos danos que dela deriven e ao grao de culpa do asegurado.

No caso do incumprimento grave das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurado incorrerá en causa de suspensión de garantías, o que suporá a perda do dereito a indemnizacións para a súa explotación mentres non se corrixa esas deficiencias.

Do mesmo xeito, que o asegurado ou asegurados impiden o acceso á explotación e á documentación precisa, con motivo dunha inspección de comprobación do cumprimento das condicións técnicas mínimas, terá como consecuencia a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada, ata que non se verifique o seu cumprimento.

A reiteración de sinistros por unha mesma causa implicará a adopción das medidas de manexo necesarias para previr o seu acontecemento. Agroseguro comunicará a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada se, unha vez notificadas, o asegurado non procede á súa inmediata aplicación.

16ª – PAGAMENTO DA PRIMA

O pagamento da prima única poderá efectuarse dalgunha das dúas formas seguintes:

A) Ao contado

O pagamento realizarao o tomador do seguro, no período de subscrición establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, mediante un ingreso directo ou transferencia bancaria a favor da conta de Agroseguro, aberta na entidade de crédito que Agroseguro estableza no momento da contratación.

A data de pagamento da prima será a que figure no xustificante bancario como data do ingreso directo ou data da transferencia. A copia deste xustificante deberase remitir a Agroseguro cando sexa requirido.

Para estes efectos, en ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este se lle efectúe directamente ao mediador de seguros.

Para estes efectos, enténdese por data da transferencia a de recepción na entidade de crédito da orde de transferencia, sempre que entre esta e a data na que a orde efectivamente se cursase ou executase non medie máis dun día hábil. Polo tanto, cando entre a data de recepción da orde e a do curso efectivo desta pola entidade de crédito medie máis dun día hábil, considerarase data de pagamento da prima o día hábil anterior á data en que a entidade efectivamente cursase ou executase a transferencia.

Así mesmo, Agroseguro aceptará como data de orde de pagamento, a do xustificante da transferencia cursada onde figure a data de execución da orde.

Para aquelas declaracións de seguro que se subscriban o último día do período de subscrición do seguro, considerarase como pagamento válido o realizado no seguinte día hábil ao do remate do prazo de subscrición.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración de seguro cuxa prima non fose pagada dentro do prazo establecido.

B) Fraccionada

Poderase acceder a esta forma de pagamento cando, no momento de subscribir a declaración de seguro, se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos:

- O seguro debe ter un custo a cargo do tomador superior ao límite establecido pola Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) no momento da contratación.

- O asegurado debe ter o correspondente aval afianzado de SAECA por unha contía que debe cubrir polo menos o importe da prima fraccionada.

O pagamento da prima única realizarase en fraccións, segundo se especifica a continuación:

Primeira fracción: corresponderase, polo menos coa contía ou porcentaxe establecida por SAECA no momento da contratación, sobre o importe do custo do seguro a cargo do tomador, máis o total da contía que corresponda polo fraccionamento e o aval, que serán aboados no mesmo momento da subscrición do seguro, sendo de aplicación todo o especificado para o pagamento ao contado.

No caso de que o aval afianzado non acadase o total das seguintes fraccións, o exceso por enriba do importe avalado deberá ser aboadado na primeira fracción; de non ser así, entenderase que a primeira fracción non foi aboadada e, polo tanto, non terá efecto o pagamento.

Seguintes fraccións: corresponderanse co resto do importe do custo do seguro a cargo do tomador non aboadado na primeira fracción, que será pagado mediante recibo que se presentará para cobramento nos prazos previstos na declaración de seguro.

O cobramento realizarase mediante domiciliación bancaria na conta corrente do asegurado sinalada na declaración do seguro. Nesta conta corrente, realizaranse ademais os pagamentos por indemnizacións dos sinistros.

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización das primas, procederase a aboar ou cargar a dita regularización na conta corrente do asegurado sinalada na declaración de seguro, e non lle afectará á contía das seguintes fraccións.

As seguintes fraccións entenderanse satisfeitas na data de emisión do recibo correspondente, salvo que, intentado o cobramento, se producise a devolución do recibo por calquera causa non imputable a Agroseguro.

No caso de non satisfacerse algunha das seguintes fraccións, Agroseguro notificaralle por escrito ao asegurado a falta de pagamento, e concederlle a oportunidade de aboar este importe. No caso de non producirse este pagamento, pasado un mes do vencemento, Agroseguro iniciará os trámites con SAECA co fin de executar o correspondente aval.

17ª – ENTRADA EN VIGOR

O seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte a aquel en que o tomador do seguro pague a prima única, sempre que previa ou simultaneamente se formalizase a declaración de seguro.

A entrada en vigor das modificacións de capital asegurado notificadas polo asegurado no impreso correspondente será a data da súa recepción en Agroseguro, no seu domicilio social, c/ Gobelos, 23 – 28023 MADRID.

Para os asegurados que paguen a prima e realicen un novo contrato de seguro nun prazo de 10 días antes ou despois da fin das garantías do seguro de explotación de gando vacún de ceba anterior, considerarase como data de entrada en vigor do novo seguro a do final das garantías do anterior.

Toma de efecto

A toma de efecto das garantías producirase unha vez concluído o período de carencia.

18ª – PERÍODO DE CARENCIA

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Establécese un período de carencia de 7 días completos contados desde a entrada en vigor do seguro. Os gandeiros xa asegurados no plan inmediatamente anterior na liña de retirada que realicen un novo contrato de seguro e paguen a prima nun prazo de dez días antes ou despois da fin das garantías do seguro anterior non terán carencia.

Os novos animais incluídos na explotación ao longo da vixencia do seguro estarán cubertos a partir das cero horas do día seguinte a aquel en que se comunique a súa introdución, data que Agroseguro poderá contrastar coa documentación oficial que o titular está obrigado a manter.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Establécense os seguintes períodos de carencia en días completos:

- 1 Para os animais existentes na explotación no momento da formalización do contrato do seguro:**
 - a. De 7 días para a morte por inundación, incendio, raio, neve, esmagamento e intoxicación.**
 - b. De 21 días para a morte, sacrificio obrigatorio e inmovilización por febre aftosa.**
 - c. De 21 días, para o resto de coberturas (10 días para a raza bovina de lida).**

Estes prazos contarán desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro.

- 2 Para os animais que se incorporen á explotación e se inscriban no libro de rexistro durante o período de vixencia do seguro:**
 - a. De 21 días, contados desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro para a morte, sacrificio obrigatorio e inmovilización por febre aftosa.**
 - b. De 7 días para a morte por inundación, incendio, raio, neve, esmagamento e intoxicación, contados desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro.**

- c. **Para o resto das coberturas, 21 días, contados desde o día seguinte ao da súa correcta inscrición no libro de rexistro da explotación (10 días para a raza bovina de lida).**

As explotacións que sexan aseguradas de novo ata os 10 días seguintes á finalización do contrato anterior non estarán sometidas ao período de carencia do novo seguro para as garantías contratadas na póliza anterior.

Non se aplicará a carencia a aqueles animais procedentes dunha explotación con "seguro de explotación de gando vacún de ceba" vixente na que xa pasasen o período de carencia.

Non se aplicará carencia para ningunha garantía, excepto para as da febre aftosa, aos animais procedentes dunha explotación con "seguro de explotación de gando vacún reprodutor e recría" ou con "seguro de explotación de reprodutores bovinos de aptitude cárnica" vixentes e coa garantía de SRB contratada ou opción 3, respectivamente, pertencente ao mesmo titular que a explotación de ceba, se pasasen a carencia na explotación de orixe.

19ª – CAPITAL ASEGURADO, CAPITAL GARANTIDO E COBERTURA

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O capital asegurado fíxase no 100 % do valor asegurado da explotación.

Valor asegurado para esta garantía

Obterase de multiplicar o centro habitual do ciclo produtivo (segundo a condición especial 13ª) polo valor unitario correspondente.

II. RESTO DE GARANTÍAS

CÁLCULO DO VALOR DA EXPLOTACIÓN:

Resulta da suma dos resultados de multiplicar o número de animais asegurables que posúe o asegurado no ámbito de aplicación do seguro polo valor unitario correspondente.

VALOR ASEGURADO DA EXPLOTACIÓN:

O valor asegurado da explotación para os efectos do seguro é a suma dos resultados de multiplicar o número de animais declarados polo asegurado, ao realizar a súa declaración de seguro, polo seu valor unitario.

CAPITAL ASEGURADO DA EXPLOTACIÓN:

O 100 % do valor asegurado da explotación.

CAPITAL GARANTIDO DA EXPLOTACIÓN:

É o límite máximo de indemnizacións percibibles polo asegurado no período de vixencia da póliza.

Só para a garantía básica: segundo o número de libros de rexistro incluídos na póliza o capital garantido poderase elixir entre as porcentaxes do valor asegurado da explotación segundo a seguinte táboa:

Número de libros	Calquera	Máis de 9*	Máis de 19*
Capital garantido:	100 %	50 %	25 %

* Os asegurados con máis de 9 ou máis de 19 libros incluídos na póliza poderán asegurar en calquera caso as opcións de maior capital garantido.

No caso de que a suma das indemnizacións netas supere o capital garantido, o asegurado poderá realizar unha ampliación de capital sobre a mesma póliza e estará sometido ás carencias previstas para os casos de renovación.

MODIFICACIÓNS DO CAPITAL ASEGURADO

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR AUMENTO DO CENSO DA EXPLOTACIÓN:

No caso de que ao longo da vida do contrato a explotación aumentase o censo habitual do seu ciclo produtivo, o asegurado deberá remitirle a AGROSEGURO no seu domicilio social, c/ Gobelás 23, 28023 MADRID, o documento de modificación do capital asegurado.

No caso de que ao longo da vida do contrato a diferenza entre o valor da explotación e o valor asegurado supere o 7 % do valor da explotación, o asegurado deberá remitirle a Agroseguro o documento de modificación do capital asegurado.

Se AGROSEGURO solicitase a documentación que avale o cambio, o asegurado estará obrigado a facilitarlle.

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

En caso de sinistro, cando se supere o capital asegurado ou se efectúe a indemnización correspondente aos animais correctamente asegurados, se se inclúen novos animais na explotación teranse que dar de alta, como unha modificación do capital asegurado.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR DIMINUCCIÓN DO CENSO DA EXPLOTACIÓN

No caso de que ao longo da vida do contrato a explotación diminuíse o censo do seu ciclo produtivo, o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente á diminución de censo experimentado, e remitirle a Agroseguro no seu domicilio social, c/ Gobelás, 23, 28023 MADRID, o impreso correspondente.

No caso de que a diferenza negativa entre o valor da explotación e o valor asegurado sexa, en valor absoluto, superior ao 7 % do valor da explotación, debido ás baixas de animais que non desen lugar a indemnización (por venda, sacrificio, etc.), o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente ao capital dos animais que causan baixa.

No caso de alertas sanitarias tamén poderá ser solicitada a devolución da prima comercial correspondente naqueles casos nos que as autoridades competentes prohiban levar a cabo as recollidas de cadáveres nas explotacións.

A prima comercial devolta será a correspondente ao período comprendido entre a comunicación da modificación por diminución da capacidade/censo e o vencemento da póliza.

II. RESTO DE GARANTÍAS

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR ALTA DE NOVOS ANIMAIS:

No caso de infraseguro superior ao 7 % do valor das explotacións, o asegurado deberá modificar o capital asegurado axustándoo á nova situación mediante o documento correspondente.

Constatado un infraseguro superior ao 20 % do valor das explotacións, Agroseguro procederá á suspensión de garantías. As garantías non volverán tomar efecto ata que o asegurado, mediante unha modificación, non actualice o valor asegurado das explotacións incluídas na declaración.

O asegurado deberá actualizar o capital asegurado cando consuma o capital garantido.

As modificacións por alta de animais que se realicen no período no que exista unha situación que, por risco de febre aftosa, determine a adopción de medidas sanitarias de calquera nivel por parte da Administración, non se terán en conta para sinistros debidos a esa enfermidade. Neste caso, o número de animais que se considerarán asegurados será o que tivese no momento previo á situación de alarma.

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR BAIXA DE ANIMAIS:

En caso de sobreseguro superior ao 7 % do valor da explotación, e debida á baixa de animais por vendas ou mortes que o seguro non cubra, o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente ao capital dos animais que causan baixa, para o que remitirá a Agroseguro o impreso correspondente.

A prima comercial devolta será a correspondente ao período comprendido entre a comunicación da modificación por baixa e o vencemento da póliza.

Ata 4 veces se poderá modificar o capital asegurado durante a vixencia da póliza.

20ª – OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

O tomador do seguro e asegurado están obrigados a:

- **Incluír na declaración de seguro o censo habitual do seu ciclo produtivo actualizado e coincidente co REGA na data de realización do seguro de cada unha das súas explotacións que posúa no ámbito de aplicación deste seguro.**

Deberá incluír na declaración de seguro a totalidade de animais vacúns de todas as explotacións de ceba que posúa no ámbito de aplicación deste seguro.

O incumprimento desta obriga, se o valor da explotación é superior en máis dun 7% ao valor asegurado, dará lugar á perda do dereito á indemnización.

O asegurado terá un prazo de 5 días hábiles desde o requirimento fidedigno de Agroseguro por tal incidencia para proceder ao aseguramento correcta das súas explotacións.

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente a todo o período de garantías establecido no seguro, incrementada nun 10 % cando a diferenza do valor da explotación sexa superior ao valor asegurado entre un 7 % e un 20 %, e nun 15 %, se a diferenza é superior a un 20 %.

- O tomador do seguro ou o asegurado deberá remitir semanalmente a Agroseguro, a través da xestora que realice a retirada e destrución dos cadáveres, a relación de quilos retirados diariamente por cada REGA, destruídos conforme a lexislación vixente.

No caso de sinistro, Agroseguro poderá requirirlle ao tomador do seguro ou asegurado o certificado de destrución dos cadáveres, conforme o especificado na segunda condición especial, no que conste claramente a identificación e os datos do libro de rexistro de explotación á que pertencen os animais. Esta documentación tamén poderá remitila a xestora que realice a retirada e destrución dos animais mortos.

O incumprimento das obrigas previstas, cando impida a adecuada valoración do risco ou das circunstancias e consecuencias do sinistro, suporá a perda do dereito á indemnización que lle puidese corresponder ao asegurado.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Ademais do establecido na condición xeral oitava, o tomador do seguro e o asegurado están obrigados a:

- 1 Incluír na declaración de seguro a totalidade de animais destinados a ceba de todas as explotacións que posúan no territorio nacional. O incumprimento desta obriga, salvo casos debidamente xustificados, dará lugar á perda do dereito á indemnización.**

- 2 **O titular do seguro deberá notificarlle á autoridade competente do REGA e do RIIA da súa comunidade autónoma todos os cambios ou modificacións que fosen necesarios para unha correcta identificación da explotación, do titular e dos bens asegurables.**
- 3 Manter actualizado(s) o(s) libro(s) de rexistro de explotación, seguindo o establecido no Real decreto 1980/1998 e as súas modificacións. **Levarán á suspensión de garantías da declaración do seguro os defectos graves na identificación e inscrición das reses ata que se acredite que o(s) libro(s) de rexistro de explotación está(n) actualizado(s).**
- 4 Permitirlles a AGROSEGURO e aos técnicos por ela designados a inspección en todo momento dos bens asegurados, e facilitarlles a entrada nas instalacións das explotacións aseguradas e o acceso á documentación que teña no seu poder en relación con estas, en especial:
 - * O(s) libro(s) de rexistro de explotación, o documento de identificación de bovinos (DIB) e tamén os documentos adicionais sobre traslados, compras, vendas e sacrificios de animais no matadoiro e as súas certificacións.
 - * O certificado oficial veterinario, ou informe veterinario, expedido polo facultativo implicado no proceso de que se trate. Os gastos orixinados por este motivo corren a cargo do asegurado.
 - * O rexistro de tratamentos veterinarios correctamente dilixenciado e actualizado.
- 5 Comunicar todas as circunstancias e incidencias danosas susceptibles de agravar o risco.
- 6 No caso de que a explotación estea formada por varios libros de varios titulares, corroborar, mediante o documento de adhesión correspondente, a vontade de aseguramento de todos e cada un dos titulares.
- 7 Cando se produza un sinistro debido á febre aftosa deberá ademais achegar a documentación oficial necesaria para comprobar, de ser o caso:
 - O número de animais aos que lles provocase a morte.
 - O número de animais sacrificados obrigatoriamente por parte da autoridade competente.
 - O tempo de inmovilización da explotación.
- 8 Para a garantía adicional de cualificación por saneamento, ao contratar o seguro, o tomador ou o asegurado deberán declarar a cualificación sanitaria en vigor.

O incumprimento das obrigas previstas, cando impida a adecuada valoración do risco ou das circunstancias e consecuencias do sinistro, suporá a perda do dereito á indemnización que lle puidese corresponder ao asegurado.

Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN

21ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

No caso de que o animal asegurado morra, o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario deberá comunicarllo a Agroseguo ou á xestora correspondente ao seu territorio, mediante comunicación telefónica ou a través da web.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Na comunicación de sinistros o asegurado deberá indicar os datos seguintes:

- CIF/DNI do asegurado.
- Nome e apelidos do asegurado.
- Número de referencia da declaración de seguro individual ou aplicación.
- Número de identificación do animal.
- Lugar do sinistro.
- Momento no que comezou a causa que o orixina.
- Causa do sinistro.
- Número de teléfono de contacto para a peritaxe.

Así mesmo, deberá tomar todas as medidas necesarias para a conservación do animal ou dos seus restos, de forma que este estea, durante polo menos as 72 horas seguintes á notificación, á disposición de Agroseguo para unha eventual necropsia.

Ademais para:

III. A PERDA DE CUALIFICACIÓN DE SANEAMENTO

O tomador ou o asegurado deberá comunicarlle a Agroseguo, no prazo de 24 horas, a existencia de calquera resultado positivo a saneamento, por teléfono ou a través da web.

IV. BROTE DE ENFERMIDADE

Para dar comezo á cobertura de brote de enfermidade, o asegurado deberá dar aviso a Agroseguo, S. A. cando nos 7 días anteriores á comunicación tivese polo menos 4 animais mortos, caso en que se comezará a contar o número de baixas que se vaian producindo nos días seguintes ata completar 8 semanas íntegras, contadas desde a data da primeira baixa (a menor dos 4 primeiros animais mortos).

22ª – INSPECCIÓN DOS DANOS

Para as garantías diferentes á da retirada e destrución de cadáveres, comunicado o suceso dun sinistro polo tomador do seguro ou polo asegurado, na forma e prazos establecidos na condición especial 23ª, Agroseguro procederá á inspección e taxación dos danos (salvo no caso de retirada e destrución de cadáveres), no prazo de 48 horas, contadas desde o momento da recepción da comunicación no seu domicilio social.

23ª – VALORACIÓN DE DANOS

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

Non procede.

II. RESTO DE GARANTÍAS

A taxación dos sinistros efectuarase de acordo coa “Norma sectorial de peritaxe de danos nas producións gandeiras” e a “Norma xeral de peritaxe dos danos ocasionados nas producións gandeiras”.

CÁLCULO DO VALOR BRUTO

I) CÁLCULO DO VALOR BASE DOS ANIMAIS MORTOS OU OS SACRIFICADOS POR FEBRE AFTOSA

Calcularase mediante os seguintes pasos:

1º Valor unitario declarado: valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA de acordo co grupo de raza.

2º Valor unitario acreditado: valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.

3º Valor unitario base: o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario acreditado.

4º Valor límite máximo indemnizable:

- a) **Para o sistema de valoración I:** obtense de multiplicar o valor unitario base pola porcentaxe límite máxima de indemnización que se indica nos anexos, en función da garantía e grupo de razas.
- b) **Para o sistema de valoración II:**
 - Para animais de idade igual ou inferior a 27 semanas de idade obtense igual que no caso anterior.

- Para animais maiores de 27 semanas de idade: O valor límite máximo indemnizable calcúlase mediante a seguinte fórmula: valor límite máximo indemnizable = valor unitario base + [(2,5 x valor unitario base / valor unitario máximo asegurable) x número de días na explotación con idade superior a 27 semanas]. **En ningún caso o valor límite máximo indemnizable será maior de: [valor unitario base + (2,5 x valor unitario base / valor unitario máximo) x 147]**

5º Valor base: obtense do valor límite máximo indemnizable restándolle, cando corresponda, a depreciación que pertenza.

II) CÁLCULO DO VALOR BASE EN CASO DE INMOBILIZACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN POR FEBRE AFTOSA:

O valor base calcularase multiplicando o número menor de entre os animais declarados e os animais presentes na explotación, polo valor de compensación previsto no anexo IV.

III) CÁLCULO DO VALOR DE COMPENSACIÓN NO CASO DE PERDA DE CUALIFICACIÓN POR SANEAMIENTO:

Calcularase mediante os seguintes pasos:

1º Valor unitario declarado: valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA conforme o grupo de raza.

2º Valor unitario acreditado: valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.

3º Valor unitario base: o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario acreditado.

4º Valor límite máximo indemnizable: obtense de multiplicar o valor unitario base por 0,42 % e polo número menor de entre o censo na data de comunicación oficial de resultado positivo e os animais declarados, por cada semana transcorrida ata a recuperación da cualificación, cun máximo de 19 semanas.

5º Valor base: neste caso coincide co valor límite máximo indemnizable.

24ª – SINISTRO INDEMNIZABLE

Establécense os seguintes mínimos indemnizables e requisitos de indemnización para os riscos de:

Febre aftosa

- Inmobilización:

Para que un sinistro sexa considerado indemnizable debe cumprir os seguintes requisitos:

- A explotación debe permanecer coa restrición de movementos polo menos 21 días.
- Deberá acreditar documentalmente que a restrición sanitaria da explotación está rexistrada no REGA.
- Deberá achegar a declaración da autoridade competente onde se especifique que a explotación ten restrinxidos os movementos e o día en que comezan:
 - * Saída de animais a outras explotacións.
 - * Saída de animais ao matadoiro.

- Morte ou sacrificio.

Para o pagamento dos sinistros será necesario que o asegurado achegue na declaración de sinistro:

- Declaración oficial das mortes que son debidas a febre aftosa ou
- Que o sacrificio obrigatorio se ordena por motivos cautelares ou preventivos relacionados coa febre aftosa.

Resto de riscos

Sen mínimo indemnizable.

Brote de enfermidade:

A mortalidade debe superar polo menos 3,5 veces a mortalidade habitual da explotación, afectarlle polo menos ao 2 % dos animais e debe supoñer a morte de polo menos 6 animais.

Cóbrese o incremento da mortalidade dos animais da explotación, nun período de 8 semanas, que supoña cando menos 3,5 veces a mortalidade habitual da explotación. Deberá afectar cando menos ao 2 % do censo de animais e superar un mínimo de 6 animais mortos por causas non cubertas na garantía básica.

Para dar comezo á garantía de brote de enfermidade, o asegurado deberá dar aviso a Agroseguro, S. A. cando nos 7 días anteriores á comunicación tivese polo menos 4 animais mortos, caso en que se comezará a contar o número de baixas que se vaian producindo nos días seguintes ata completar 8 semanas íntegras, contadas desde a data da primeira baixa (a menor dos 4 primeiros animais mortos).

MORTALIDADE HABITUAL DA EXPLOTACIÓN:

Calcularase cos animais mortos nos 6 meses anteriores á data de entrada en vigor da póliza. O censo será a media aritmética que se obteña dos seis meses anteriores ao da data de entrada en vigor, calculado con referencia ao día 15 de cada mes e obtido do libro de rexistro de explotación.

MORTALIDADE NO PERÍODO DE BROTE:

Calcularase cos animais mortos no período considerado e como censo tomarase o censo na data de inicio do período (data da primeira baixa considerada).

25ª – FRANQUÍA

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN, SINISTROS DEBIDOS A FEBRE AFTOSA E PERDA DE CUALIFICACIÓN SANITARIA

Non se aplica franquía.

II. RESTO DE GARANTÍAS

a. En caso de sinistro indemnizable causado por incendio, inundación, raio, neve e esmagamento por derrubamento, quedará sempre a cargo do asegurado o 10% dos danos.

b. Mortalidade por outras causas e brote de enfermidade franquía de danos:

- **Declaracións de seguro con recarga entre 30 % e 50 %:30 %**
- **Declaracións de seguro con recarga superior ao 50 %:50 %**
- **Resto de declaracións:15 %**

26ª – CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN

No caso de sinistro, o importe do gasto indemnizable virá determinado polo peso en quilos dos animais retirados e destruídos, polo prezo en €/quilo, co máximo comunicado polas comunidades autónomas e Agroseguro ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, **tendo en conta que a comunidade autónoma á que lle corresponden os animais sinistrados é aquela na que se recollen.**

Agroseguro procederá a indemnizar unha vez comprobada a documentación sinalada na condición 20ª e o correcto aseguramento da explotación.

O pagamento da indemnización poderao realizar directamente Agroseguro, no nome e por conta do asegurado, á empresa xestora que realice a retirada e destrución dos cadáveres, acreedora dos gastos en que se incorreu ata o límite da indemnización. Con este obxecto, Agroseguro comunicaralle os datos necesarios da póliza á entidade xestora. **A subscrición do seguro implica a autorización do asegurado nese sentido.**

II. RESTO DE GARANTÍAS

Calculado o valor base, segundo condición 23^a, a partir de aí seguiranse os seguintes pasos:

1º **Valor base minorado:** obtense a partir do valor base por aplicación de regra proporcional ou de equidade, cando proceda.

2º **Valor do dano:** obtense a partir do valor base minorado restándolle, cando proceda, o valor de recuperación.

3º **Indemnización neta total:** obtense a partir do valor do dano aplicándolle, cando proceda, a franquía que corresponda, o resultado será a cantidade que debe percibir o asegurado.

En todos os casos cando non coincidan o tipo de explotación real e o tipo asegurado, o sistema de valoración que se aplicará será o correspondente ao tipo de explotación real.

Cando o grupo de raza contratado sexa de excelente conformación e o animal sinistrado non o sexa, aplicarase o sistema de valoración I.

Cando existan dúbidas sobre a idade do animal, prevalecerá a idade dentaria sobre a indicada no libro de rexistro de explotación e o DIB.

27ª – CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN

De acordo co disposto na letra c) do apartado 2 do artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a subscrición deste seguro implica o consentimento do asegurado para que:

1. ENESA acceda á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco deste seguro.
2. A Administración xeral do Estado autorice a Agroseguro o acceso á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para a valoración dos animais e da explotación asegurada, así como para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco dos seguros agrarios combinados.
3. AGROSEGURO envíe a ENESA aquela información de carácter zosanitario que lle sexa requirida para facilitar o cumprimento das tarefas encomendadas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tanto en relación co control do desenvolvemento e aplicación do Plan de seguros agrarios como no que respecta á sanidade animal.

4. No marco do seguimento do resultado deste seguro, se Agroseguro detectase aumentos das mortalidades en taxas desproporcionadas en relación co censo ou capacidade declarada, ou sinistros masivos ou outras magnitudes que fagan sospeitar de enfermidade de declaración obrigatoria segundo o artigo 5 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, informará inmediatamente a ENESA para a súa comunicación á autoridade competente.

28ª– ELECCIÓN DE EMPRESA XESTORA

Para a garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres, no momento de subscribir o seguro, nas comunidades autónomas nas que así se estableza, o asegurado elixirá libremente a empresa xestora que lle vaia dar o servizo. A elección farase entre todas aquelas xestoras que operen no seu territorio dentro do sistema de seguros agrarios combinados.

Co único fin de facilitarlle ao asegurado esta elección, Agroseguro comunicarlle ao asegurado a lista de todas as xestoras, así como o prezo fixado por cada unha delas para prestar o servizo.

A elección da xestora polo asegurado farase de forma irrevogable para todo o período de vixencia da póliza.

Con independencia do anterior, en todas as comunidades autónomas excepto Castela-A Mancha poderá admitirse un prezo pactado polo asegurado cunha das xestoras que operen no seu territorio dentro do sistema de seguros agrarios combinados, inferior ao comunicado ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

29ª = CONDICIÓN PARTICULARES

As partes, de común acordo, poderán establecer condicións particulares nas que se modifiquen, adapten ou substitúan estas condicións especiais, e tamén a taxa de prima cando as citadas modificacións produzan unha modificación do risco.

En todo caso, estas condicións particulares non lle afectarán á garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres.

Capítulo VI: ANEXOS

ANEXO I: RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓN DE GARANTÍAS

I.1. GARANTÍAS BÁSICAS

Garantía básica								
	Riscos cubertos	Tipo de explotación	Grupos de razas	Capital asegurado	Capital garantido	Cálculo da indemnización	Tipo de franquía	% de franquía
Garantía Básica	Incendio	1 e 2	Excelente	100 %	Elixible: 100 % 50 % 25 %	Sistema de valoración elixible I, II	Danos (febre aftosa sen franquía)	10 %
	Inundación		Resto de cárnicas Láctea			Sistema de valoración I		
	Raio Neve	2	Lida			Sistema de valoración I		
	Esmagamento por derrubamento Intoxicación Febre aftosa	3 e 4	Excelente Resto de cárnicas Láctea			Sistema de valoración I		

I.2. GARANTÍAS ADICIONAIS

GARANTÍAS ADICIONAIS								
	Riscos cubertos	Tipo de explotación	Grupos de razas	Capital asegurado	Capital garantido	Cálculo da indemnización	Tipo de franquía	% de franquía
1- Mortalidade outras causas (1)	Mortes	1 e 2	Excelente	100 %	100 %	Sistema de valoración elixible: I, II	Danos	15 % 30 % 50 % (2)
		1 e 2	Resto de cárnicas Láctea			Sistema de valoración I		
		2	Lida			Sistema de valoración I		
		3 e 4	Excelente Resto de cárnicas Láctea			Sistema de valoración I		
2- Perda de cualificación saneamento	Compensación pola perda de cualificación	Todos	Todos	100 %	100 %	Compensación	Sen	Sen
3- Brote de enfermidade (1)	Mortalidade por brote de enfermidade	1 e 2	Excelente	100 %	100 %	Sistema de valoración elixible: I, II	Danos	15 % 30 % 50 % (2)
		1 e 2	Resto de cárnicas Láctea			Sistema de valoración I		
		3 e 4	Excelente Resto de cárnicas Láctea			Sistema de valoración I		
4- Retirada e destrución de cadáveres	Retirada e destrución / Enterramento autorizado / Sacrificios decretados pola Administración	Todos	Todos	100 %	100 %	Prezos xestora compensación contra factura: o maior entre 600 € ou o 20 % do capital asegurado	Sen	Sen

(1) Incompatibles entre si.

(2) Recargas entre o 30 e 50: 30 %
 maiores do 50: 50 %
 resto: 15 %

ANEXO II: VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN			
% sobre o valor unitario base segundo idade e grupo de raza			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Grupo de razas de excelente conformación	Resto de razas de aptitude cárnica	Razas de aptitude láctea
≥ 8 e ≤ 9	52 %	50 %	42 %
> 9 e ≤ 10	53 %	53 %	43 %
> 10 e ≤ 11	55 %	55 %	47 %
> 11 e ≤ 12	58 %	58 %	49 %
> 12 e ≤ 13	60 %	60 %	51 %
> 13 e ≤ 14	61 %	62 %	54 %
> 14 e ≤ 15	65 %	65 %	57 %
> 15 e ≤ 16	67 %	67 %	58 %
> 16 e ≤ 17	71 %	69 %	61 %
> 17 e ≤ 18	75 %	72 %	65 %
> 18 e ≤ 19	76 %	74 %	67 %
> 19 e ≤ 20	77 %	76 %	68 %
> 20 e ≤ 21	80 %	79 %	72 %
> 21 e ≤ 22	84 %	81 %	74 %
> 22 e ≤ 23	87 %	84 %	75 %
> 23 e ≤ 24	90 %	86 %	79 %
> 24 e ≤ 25	94 %	88 %	83 %
> 25 e ≤ 26	97 %	91 %	86 %
> 26 e ≤ 27	99 %	93 %	88 %
> 27 e ≤ 28	100 %	95 %	89 %
> 28 e ≤ 29	104 %	98 %	93 %
> 29 e ≤ 30	106 %	100 %	96 %
> 30 e ≤ 31	110 %	102 %	97 %
> 31 e ≤ 32	113 %	105 %	99 %
> 32 e ≤ 33	116 %	107 %	100 %

ANEXO II (continuación)

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN			
% sobre o valor unitario base segundo idade e grupo de raza			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Grupo de razas de excelente conformación	Resto de razas de aptitude cárnica	Razas de aptitude láctea
> 33 e ≤ 34	120 %	110 %	104 %
> 34 e ≤ 35	123 %	112 %	107 %
> 35 e ≤ 36	126 %	114 %	108 %
> 36 e ≤ 37	129 %	117 %	110 %
> 37 e ≤ 38	133 %	119 %	111 %
> 38 e ≤ 39	135 %	121 %	114 %
> 39 e ≤ 40	139 %	124 %	116 %
> 40 e ≤ 41	143 %	126 %	118 %
> 41 e ≤ 42	149 %	128 %	122 %
> 42 e ≤ 43	152 %	131 %	124 %
> 43 e ≤ 44	155 %	133 %	125 %
> 44 e ≤ 45	158 %	135 %	127 %
> 45 e ≤ 46	165 %	138 %	128 %
> 46 e ≤ 47	168 %	140 %	133 %
> 47 e ≤ 48	175 %	144 %	135 %
> 48 e ≤ 49	175 %	149 %	136 %
> 49 e ≤ 50	175 %	153 %	138 %
> 50 e ≤ 51	175 %	157 %	139 %
> 51 e ≤ 52	175 %	162 %	143 %
> 52 e ≤ 53	175 %	166 %	147 %
> 53 e ≤ 54	175 %	171 %	150 %
> 54 e ≤ 55	175 %	175 %	153 %
> 55 e ≤ 56	175 %	180 %	158 %
> 56 e ≤ 57	175 %	180 %	161 %
> 57 e ≤ 58	175 %	180 %	164 %
> 58 e ≤ 59	175 %	180 %	167 %
> 59 e ≤ 60	175 %	180 %	172 %
> 60 e ≤ 61	175 %	180 %	175 %
> 61 e ≤ 62	175 %	180 %	178 %
> 62 e ≤ 63	175 %	180 %	182 %
> 63 e ≤ 64	175 %	180 %	182 %
> 64 e ≤ 65	175 %	180 %	182 %
> 65 e ≤ 66	175 %	180 %	182 %
> 66 e ≤ 67	175 %	180 %	182 %
> 67 e ≤ 68	175 %	180 %	182 %
> 68 e ≤ 104	175 %	180 %	182 %

O valor límite máximo para os efectos de indemnización polos animais de conformación "raza de lida" descrita na condición quinta establécese no 100% do valor asegurado.

ANEXO III: COMPENSACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA

COMPENSACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA			
% sobre o valor unitario base segundo idade e grupo de raza			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Grupo de razas de excelente conformación	Resto de razas de aptitude cárnica	Razas de aptitude láctea
≥ 8 e ≤ 9	10 %	10 %	10 %
> 9 e ≤ 10	10 %	10 %	10 %
> 10 e ≤ 11	10 %	10 %	10 %
> 11 e ≤ 12	10 %	10 %	10 %
> 12 e ≤ 13	10 %	10 %	10 %
> 13 e ≤ 14	10 %	10 %	10 %
> 14 e ≤ 15	10 %	10 %	10 %
> 15 e ≤ 16	10 %	10 %	10 %
> 16 e ≤ 17	10 %	10 %	10 %
> 17 e ≤ 18	10 %	10 %	10 %
> 18 e ≤ 19	10 %	10 %	10 %
> 19 e ≤ 20	10 %	10 %	10 %
> 20 e ≤ 21	10 %	10 %	10 %
> 21 e ≤ 22	12 %	10 %	10 %
> 22 e ≤ 23	15 %	10 %	10 %
> 23 e ≤ 24	18 %	10 %	10 %
> 24 e ≤ 25	22 %	10 %	10 %
> 25 e ≤ 26	25 %	10 %	10 %
> 26 e ≤ 27	27 %	10 %	10 %
> 27 e ≤ 28	28 %	10 %	10 %
> 28 e ≤ 29	32 %	12 %	10 %
> 29 e ≤ 30	34 %	14 %	10 %
> 30 e ≤ 31	38 %	16 %	10 %
> 31 e ≤ 32	41 %	19 %	10 %
> 32 e ≤ 33	44 %	21 %	10 %
> 33 e ≤ 34	48 %	24 %	10 %
> 34 e ≤ 35	51 %	26 %	10 %
> 35 e ≤ 36	54 %	28 %	11 %
> 36 e ≤ 37	57 %	31 %	13 %
> 37 e ≤ 38	61 %	33 %	14 %
> 38 e ≤ 39	63 %	35 %	17 %
> 39 e ≤ 40	67 %	38 %	19 %
> 40 e ≤ 41	71 %	40 %	21 %
> 41 e ≤ 42	76 %	42 %	25 %
> 42 e ≤ 43	76 %	45 %	27 %
> 43 e ≤ 44	76 %	47 %	28 %

ANEXO III (Continuación)

COMPENSACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA			
% sobre o valor unitario base segundo idade e grupo de raza			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Grupo de razas de excelente conformación	Resto de razas de aptitude cárnica	Razas de aptitude láctea
> 44 e ≤ 45	76 %	49 %	30 %
> 45 e ≤ 46	76 %	52 %	31 %
> 46 e ≤ 47	76 %	54 %	36 %
> 47 e ≤ 48	76 %	58 %	38 %
> 48 e ≤ 49	76 %	61 %	39 %
> 49 e ≤ 50	76 %	61 %	41 %
> 50 e ≤ 51	76 %	61 %	5 %
> 51 e ≤ 52	76 %	61 %	9 %
> 52 e ≤ 53	76 %	61 %	13 %
> 53 e ≤ 54	76 %	61 %	16 %
> 54 e ≤ 55	76 %	61 %	19 %
> 55 e ≤ 56	76 %	61 %	24 %
> 56 e ≤ 57	76 %	61 %	27 %
> 57 e ≤ 58	76 %	61 %	30 %
> 58 e ≤ 59	76 %	61 %	33 %
> 59 e ≤ 60	76 %	61 %	38 %
> 60 e ≤ 61	76 %	61 %	41 %
> 61 e ≤ 62	76 %	61 %	44 %
> 62 e ≤ 63	76 %	61 %	48 %
> 63 e ≤ 64	76 %	61 %	48 %
> 64 e ≤ 65	76 %	61 %	48 %
> 65 e ≤ 66	76 %	61 %	48 %
> 66 e ≤ 67	76 %	61 %	48 %
> 67 e ≤ 68	76 %	61 %	48 %
> 68 e ≤ 104	76 %	61 %	48 %

A compensación por morte ou sacrificio obrigatorio por febre aftosa para os animais de conformación "raza de lida" fíxase no 64% do valor asegurado.

Para os efectos do seguro, para establecer a idade do animal contarase o número de semanas. Os días que non completen unha semana computarán como unha semana máis.

ANEXO IV

VALORES DE COMPENSACIÓN NO CASO DE INMOBILIZACIÓN POR FIEBRE AFTOSA EN €	
Para calquera grupo de raza	2,29 €/semana (*)

(*) Cun período de inmovilización mínimo de 20 días completos. Superado ese período mínimo, compensarase por todos os días de inmovilización ata un máximo de 17 semanas por todo o período de vixencia da póliza.

VALORES DE COMPENSACIÓN NO CASO DE PERDA DA CUALIFICACIÓN SANITARIA POR SANEAMENTO:	
Para calquera grupo de raza	0,42 % (**)

(**) Do valor unitario base, por cada animal asegurado e semana ata a recuperación da cualificación, ata un máximo de 19 semanas.

Expresións utilizadas nos anexos:

O símbolo > significa maior que

O símbolo ≤ significa menor ou igual a

O símbolo ≥ significa maior ou igual a

CE: 402/2016